



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

### **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 10 DE DECEMBRO DE 2015.-**

---

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as oito horas e trinta minutos do día 10 de decembro de dous mil quince, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. Antonio Lomba Baz, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Montserrat Magallanes Álvarez
- D. Miguel A. Español Otero
- D. Paulino Rodríguez Gonzalez
- D<sup>a</sup>. Teresa Vicente Baz

**Non asiste o Sr. Crespo Gonzalez**

**Asiste como Secretario Acctal. o funcionario do Concello D. José Carlos Martinez Crespo.**

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

#### **PUNTO 1.- APROBACIÓN ACTAS SESIÓNS ANTERIORES (ORD. 11.11.2015, ORD. 24.11.2015 E EXTRAORD. 26.11.2015)**

---

O Sr. Presidente preguntalle ós concelleiros se teñen algunha observación que facer ás actas correspondentes ás sesións celebradas os pasados días 11, 24 e 26 de novembro de 2015 ó que responden negativamente os concelleiros presentes nas mesmas, polo que as referidas acta foron aprobadas pola unanimidade dos presentes en cada sesión.

#### **PUNTO 2.- APROBACIÓN CUOTAS DO MERCADO DE ABASTOS**

---

Dáse conta da relación dos postos fixos do mercado municipal de A Guarda e das taxas correspondentes ó mes de NOVEMBRO de 2015 que ascenden á cantidade de 1.331,78 €.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar dita relación coas taxas correspondentes e dar traslado á Tesourería para o seu cobro.

### **3.- INFORMES SERVIZOS SOCIAIS**

---

Dase conta do informe da Traballadora Social do Concello de data 1 de decembro de 2015 relativo á modificación de horas no Servizo de Axuda no Fogar de D<sup>a</sup>. H.M.P. a partir do 01/12/2015 que pasará a 30 horas mensuais.



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar esta modificación.

Dase conta do informe da Traballadora Social do Concello de data 1 de decembro de 2015 relativo á modificación de horas no Servizo de Axuda no Fogar de D<sup>a</sup>. S.A.L. a partir do 01/12/2015 que pasará a 20 horas mensuais.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar esta modificación.

### **PUNTO 4.- INFORMES DE URBANISMO**

---

Dase conta do escrito do Asesor Xurídico do Concello de data 9 de decembro de 2015, comunicando a sentenza ditada o 19 de novembro de 2015 pola Sala do Contencioso-Administrativo do TSXG no recurso de apelación nº 4402/2015 entablado por D. Eulogio P. Abeleira Cabaleiro contra a sentenza de 28 de maio de 2015 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra nos autos do recurso contencioso-administrativo nº 202/14 entablado por D. Eulogio P. Abeleira Cabaleiro contra resolución presunta da denuncia urbanística presentada interesando a declaración de caducidade da licenza nº 236/02 outorgada a D. Ramón Gonzalez para a construción de garaxe así como posterior incoación de expediente de reposición da legalidade urbanística e demolición de obras realizadas ó amparo de dita licenza.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada do contido da sentenza que se comunica de 19 de novembro de 2015 e dar traslado da mesma á Oficina Técnica municipal para a súa constancia no expediente.

### **PUNTO 5.- INSTANCIAS**

---

Dase conta do escrito RE 7.882 de data 3 de decembro de 2015, remitido polo Servizo Provincial de Pontevedra da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, en resposta á solicitude de modificación da sinalización horizontal na estrada PO-552 no treito comprendido entre o PQ 48+830 e 49+850.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada e acorda dar traslado do mesmo ós veciños interesados.

Dase conta do escrito RE 7.885 de data 3 de decembro de 2015, remitido polo VALEDOR DO POBO, solicitando información sobre a queixa presentada polo concelleiro de Convergencia Galega D. Celso J. Rodríguez Fariñas relativa á falta de resposta ós seus escritos sobre a Estación Marítima da Pasaxe.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Lese o escrito RE 8.011 de data 9 de decembro de 2015, presentado por D. FERNANDO PEREZ SIERRA, en representación de DNA. ASELA ALONSO VICENTE, con enderezo a efectos de notificacións na rúa A Guía, nº 4 da Guarda, solicitando que se tomen as medidas necesarias para a protección da persoas e dos bens na vivenda sita na rúa San Bernardo, nº 1 debido ó perigo que supón o tráfico rodado nese lugar.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que se está estudando o asunto para tomar as medidas pertinentes.

Dase conta do escrito RE 8.012 de data 9 de decembro de 2015, presentado por D. XERMAN CORDERO VERDE, con domicilio a efectos de notificacións na rúa Fontiña, nº 3-2º da Guarda, solicitando o arranxo de determinados desperfectos no municipio sinalados no corpo do escrito.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Lese o escrito RE 7.767 de data 1 de decembro de 2015, presentado por D. AGUSTIN FERREIRA LORENZO, en representación de ANABAM, con enderezo a efectos de notificacións no Apto. de Correos, nº 59 da Guarda, solicitando que o Concello da Guarda se sume aos que xa impiden que circos con animais sexan instalados na localidade.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que no próximo Pleno municipal vanse debater e votar dúas mocións neste sentido.

Lese o escrito RE 7.606 de data 23 de novembro de 2015, presentado por D. SILVIO RODRIGUEZ PORTELA, con domicilio a efectos de notificacións na Residencia Monte Santa Tecla da Guarda, na rúa Bouza da Fonte, nº 13, solicitando a anulación do recibo de consumo de auga do 3º trimestre de 2014 do obxecto tributario Rías, nº 7 por erro na lectura.

A Xunta de Goberno Local, vistos os informes da oficina de xestión tributaria, acorda anular o recibo do terceiro trimestre de 2014 e que se emita un novo pola media ponderada.

Lese o escrito RE 7.098 de data 29 de outubro de 2015, presentado por D. IVAN FERNANDEZ RODRIGUEZ, con enderezo na rúa Coruña, nº 6-1º C da Guarda, solicitando a anulación do recibo de consumo de auga do obxecto tributario Coruña, nº 6-1º C correspondente ó 2º trimestre do 2015 e a emisión dun novo pola media ponderada.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da empresa encargada da lectura dos contadores, acorda anular o recibo do 2º trimestre de 2015 e emitir un novo pola media ponderada. Non obstante, a empresa informa tamén que foi avisado das anomalías respecto da ubicación do contador polo que se lle insta para que coloque o contador fora de maneira que sexa accesible para o encargado de realizar as lecturas.



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Lese o escrito RE 7.714 de data 27 de novembro de 2015, presentado por STUDIO 88, representada por Rosa M<sup>a</sup> Martínez Martínez, con enderezo na rúa Donantes de Sangue, n<sup>o</sup> 28-2<sup>o</sup> Izq. da Guarda, solicitando un local municipal para poder realizar as actividades propias da asociación.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada e acorda comunicarlle que debe pasar polas dependencias municipais para tratar este asunto coa concelleira responsable da área de cultura.

Lese o escrito RE 7.713 de data 27 de novembro de 2015, presentado por STUDIO 88, representada por Rosa M<sup>a</sup> Martínez Martínez, con enderezo na rúa Donantes de Sangue, n<sup>o</sup> 28-2<sup>o</sup> Izq. da Guarda, comunicando a imposibilidade desta asociación para colaborar co Concello na decoración das rúas por falta de tempo.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Lese o escrito RE 7.977 de data 7 de decembro de 2015, presentado por DNA. ZAIRA RODRIGUEZ VICENTE, con enderezo na rúa Bechos, n<sup>o</sup> 5-1<sup>o</sup> A da Guarda, solicitando a adaptación da praza de abastos municipal facéndoa accesible ás persoas con discapacidade funcional (baños accesibles e portas corredeiras).

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que o Concello ten previsto acollerse á próxima liña de subvencións da Xunta de Galicia para obras de mellora das prazas de abastos e entre elas contéplase a accesibilidade ós baños.

Neste momento incorpórase o Sr. Crespo Gonzalez.

Lese o escrito RE 6.716 de data 15 de outubro de 2015, presentado por D. FERNANDO DOMINGUEZ ALONSO, con enderezo na rúa Rosal, n<sup>o</sup> 54 da Guarda, solicitando a revisión e cambio do contador situado na rúa vivenda xa que consideran que teñen recibos demasiado elevados.

A Xunta de Goberno Local, visto o histórico de consumos deste obxecto tributario, acorda denegar o solicitado xa que o consumo actual mantense na media dos últimos dous anos.

Lese o escrito RE 7.870 de data 3 de decembro de 2015, presentado por ACIGU, representada por Dna. Carmen María García Braga, con domicilio social na rúa Agustín Nandín Lomba, n<sup>o</sup> 4-baixo da Guarda, solicitando un listado de taxas de ocupación pública do ano 2015.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que estas taxas están publicadas na páxina web do Concello dende o primeiro momento.

Lese o escrito RE 7.868 de data 3 de decembro de 2015, presentado por ACIGU, representada por Dna. Carmen María García Braga, con domicilio social na rúa Agustín Nandín Lomba, n<sup>o</sup> 4-baixo da Guarda, solicitando, no caso de que non



**CONCELLO  
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

pagaran as taxas oportunas, a retirada da cartelería exposta nos farois da localidade sobre mercados en Caminha.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que se mandou retirar en canto se tivo coñecemento.

Lese o escrito RE 7.869 de data 3 de decembro de 2015, presentado por ACIGU, representada por Dña. Carmen María García Braga, con domicilio social na rúa Agustín Nandín Lomba, nº 4-baixo da Guarda, solicitando, no caso de que non pagaran as taxas oportunas, a retirada da cartelería exposta nos farois da localidade sobre pista de xeo en Vilapraia de Ancora.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que se mandou retirar en canto se tivo coñecemento.

Dase conta do escrito RE 7.708 de data 27 de novembro de 2015, remitido por DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA, notificando a resolución da presidencia de nomeamento dos membros da Asamblea Xeral da Asociación do Val do Miño Transfronteirizo en representación da Deputación de Pontevedra.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Dase conta do escrito RE 7.561 de data 18 de novembro de 2015, remitido por DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA, comunicando os recursos que o Concello da Guarda recibirá desa administración a través do fondo local (Plan Concellos 2016).

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

*Sendo as dez horas e dez minutos o sr. presidente levanta a sesión da que eu como secretario dou fe.*